"A normativa básica en materia de réxime local, Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local así como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e a normativa sectorial en materia de augas, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (que fai referencia expresa e respecta esta lexislación básica e o principio de autonomía local), atribúe aos concellos a competencia exclusiva en materia de abastecemento e saneamento dos seus sistemas municipais (artigo 25 Lei 7/85). Outórgalles as atribucións en materia de subministro de auga, sumidoiros e tratamento de augas residuais, e establece tamén esta normativa, como servizos que todo concello debe prestar, por si mesmo ou asociado, entre outros, o de abastecemento domiciliario de auga potable e alcantarillado (artigo 26 lei 7/85).

A Administración autonómica non ten atribuídas as responsabilidades en materia de saneamento e depuración nin pode interferir na execución dunhas competencias que son dos concellos.

O que sí se vén facendo desde a Administración hidráulica de Galicia é prestar apoio aos concellos, nesa materia de competencia municipal, axudándoos técnica e financeiramente a desenvolver de xeito máis eficaz e eficiente as competencias que teñen reservadas en materia de subministro de auga, rede de sumidoiros e depuración.

CSV: REXISTRO-PtHqOy4tW-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Neste sentido, para o Goberno galego é absolutamente prioritaria a mellora e conservación da calidade das masas de auga da Comunidade. É un dos compromisos máis firmes, no que se vén traballando nos últimos anos e co que se está contribuíndo de xeito eficaz a acadar ese saneamento. A Xunta traballa para acadar os obxectivos fixados cunha programación de actuacións dotada orzamentariamente. Ten elaborado plans de saneamento locais (plans especiais), ten construído infraestruturas necesarias (investimentos), e realiza un seguimento e control continuo da calidade das augas.

A actual folla de ruta da Xunta vén marcada polo Plan Hidrolóxico Galicia-Costa (2015-2021), que recolle 150 medidas. Este documento permite ter un horizonte temporal posible e real e programar as actuacións necesarias.

De xeito máis concreto, cómpre lembrar que a Xunta ten reiterado en numerosas ocasións a súa vontade de implicación na renovación do sistema de saneamento e depuración de Santiago de Compostela, declarado de interese xeral do Estado.

Na reunión mantida o pasado día 18 de decembro en Madrid con representantes do Ministerio para a Transición Ecolóxica e co alcalde de Santiago, o Goberno galego trasladou a preocupación polo mal funcionamento do actual sistema de saneamento e depuración da cidade, que está a prexudicar a calidade das augas do río Sar.

Nese encontro, os representantes do Ministerio para a Transición Ecolóxica trasladaron que, ante o rexeitamento municipal ao proxecto previsto para a execución dunha nova depuradora do Souto, a alternativa de ampliar a actual estación da Silvouta suporía empezar as obras en torno ao ano 2023. Así, tal e como trasladaron os responsables da Administración central, a posta en servizo definitiva do novo sistema retrasaríase ata o ano 2027.

Con ese horizonte temporal, considérase inviable que a actuación poida financiarse cos fondos do actual programa operativo Feder 2014-2020, que teñen de prazo máximo de execución o 2023. Por ese motivo, desde a Xunta demandouse ao Ministerio que eses fondos comprometidos queden en Galicia e se destinen a atender outras necesidades na Comunidade.

CSV: REXISTRO-PtHqOy4tW-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 13:16:05
Nº Rexistro: 42288
Data envio: 28/12/2018 13:16:05.768

Nesta demanda incide o escrito remitido pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade ao secretario de Estado de Medio Ambiente, no que tamén se solicitan garantías de financiamento por parte do Estado para o sistema de depuración na cidade de Compostela.

A Xunta reitera o seu apoio á execución da EDAR, proxecto liderado polo Ministerio para a Transición Ecolóxica, e aposta por traballar para definir o antes posible un plan de actuación que concrete unha alternativa viable desde o punto de vista técnico, económico e ambiental para garantir a calidade das augas do río Sar. A ese respecto, mantén as súas reservas técnicas sobre a tecnoloxía proposta polo Concello de Santiago para a ampliación da depuradora da Silvouta**.”**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: REXISTRO-PtHqOy4tW-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 13:16:05
Nº Rexistro: 42288
Data envio: 28/12/2018 13:16:05.768

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/12/2018 13:16:02

CSV: REXISTRO-PtHqOy4tW-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 12:55:17
Nº Rexistro: 42259
Data envio: 28/12/2018 12:55:17.659
Data 28/12/2018 12:55

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35177,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación coa ponte medieval de Ponte Sampaio e a estrada PO-264"**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, realiza inspeccións periódicas co fin de coñecer o estado das obras de paso e estruturas que están integradas na rede de estradas de titularidade autonómica. A Ponte Sampaio, situada no punto quilométrico 2+010 da estrada PO-264, está incluída nestas inspeccións. Por outra banda, desde o punto de vista da funcionalidade da ponte, cómpre indicar que a Axencia Galega de Infraestruturas, a través dos seus medios de conservación, realiza habitualmente os traballos necesarios para mantela en servizo.

Polo que se refire á mellora da estrada PO-264, indicar que na Comisión 2ª, de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos do 13 de setembro de 2018 aprobouse unha proposición non de lei instando á Xunta a estudar co Concello de Pontevedra as melloras necesarias na mobilidade, a accesibilidade e a seguranza viaria na estrada, entre o cemiterio e a ponte medieval de Ponte Sampaio. De conformidade coa petición do Parlamento galego, o director da Axencia Galega de Infraestruturas remitiulle este acordo parlamentario ao alcalde de Pontevedra, trasladándolle o ofrecemento e a

CSV: REXISTRO-8JUsogfiR-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

disposición da Xunta para abordar, xunto co Concello, as posibles melloras deste treito da PO-264, así como para manter un encontro sobre esta cuestión**.”**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: REXISTRO-8JUsogfiR-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 12:55:17
Nº Rexistro: 42259
Data envio: 28/12/2018 12:55:17.659

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/12/2018 12:55:13

CSV: REXISTRO-8JUsogfiR-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 12:27:41
Nº Rexistro: 42241
Data envio: 28/12/2018 12:27:41.528
Data 28/12/2018 12:27

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35473,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración do Goberno galego da situación na que se atopan os traballos de conservación e mantemento que se están a realizar na ponte de Rande e as consecuencias que tería a imposibilidade de evacuar os carrís exteriores no caso de emerxencia"**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"A actuación á que se refire a iniciativa é competencia da Administración Xeral do Estado. En todo caso, a Xunta de Galicia vén demandando á concesionaria e ao Ministerio de Fomento unha axeitada prestación do servizo nesta autoestrada, tanto por escrito como nas reunións da Comisión conxunta sobre a AP-9. Neste contexto, veuse demandando a maior axilidade posible para a finalización das obras.

Cómpre sinalar que, a día de hoxe, as plataformas de unión entre a ponte existente e os novos carrís exteriores están libres de maquinaria**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: REXISTRO-SXbNCSY5I-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 12:27:41
Nº Rexistro: 42241
Data envio: 28/12/2018 12:27:41.528

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/12/2018 12:27:37

CSV: REXISTRO-SXbNCSY5I-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2019 10:09:36
Nº Rexistro: 42364
Data envio: 03/01/2019 10:09:36.208
Data 03/01/2019 10:09

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35945,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don Raúl Fernández Fernández, sobre **"a dispoñibilidade polo Goberno galego dalgún mapa dos danos causados polo xabaril nos distintos concellos e cultivos, os datos referidos aos expedientes de reclamación abertos ao respecto e as súas previsións referidas á súa compensación ás persoas afectadas, así como as novas medidas e/ou actuacións que vai pór en marcha para reducilos e estabilizar a poboación desa especie"**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio,** que ten o seguinte contido:

"Dada a fenoloxía desta especie, o dato que se emprega principalmente como obxectivo e indicativo para a estima da súa tendencia poboacional é o número de exemplares capturados. No relativo á superficie afectada, os datos relativos á última orde de axudas por danos indican en torno as 3,7 hectáreas, das cales corresponden: 615.047 metros cadrados a Coruña, 1.679.646 m2 a Lugo, 1.147.548 m2 a Ourense e 267.950 m2 a Pontevedra.

En canto aos expedientes de reclamación, contabilizáronse en toda Galicia un total de 1.321 expedientes.

Dende o ano 2009, a Administración Autonómica te concedido un total de 843.505,83 euros en axudas para paliar os danos provocados por xabaril nos cultivos.

Este Goberno ten posto en marcha un amplo paquete de medidas para tentar diminuír as afeccións ocasionadas polas especies animais silvestres sobre as producións agrícolas, especialmente no caso do xabaril. Así, co obxecto de frear a súa expansión nos últimos anos tense incrementado notablemente a presión cinexética sobre esta especie.

Tense constituído un grupo de traballo no que ademais de representantes da administración autonómica intégranse representantes dos distintos sectores (cinexético, sector agro-

CSV: REXISTRO-ofDGZ8BJB-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

gandeiro). Dentro deste grupo contémplanse unha serie de actuacións (agrupadas en 4 bloques principais), encamiñadas a mellorar a xestión e aproveitamento da especie, os danos producidos na agricultura, os danos ocasionados por accidentes de tráfico e a mellora da información sobre a especie.

Como medida complementaria, para o ano 2019 a Xunta convoca dúas liñas de axudas en relación coa indemnización e prevención dos danos ocasionados sobre os cultivos polo xabaril, dotadas con 811.000€ e 100.000€, respectivamente.

A conxunción entre as medidas preventivas e o resto de medidas implementadas mediante o plan de xestión da especie buscan acadar o equilibrio necesario para a diminución do conflito.**”**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: REXISTRO-ofDGZ8BJB-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2019 10:09:36
Nº Rexistro: 42364
Data envio: 03/01/2019 10:09:36.208

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/01/2019 10:09:12

CSV: REXISTRO-ofDGZ8BJB-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 12:55:08
Nº Rexistro: 42258
Data envio: 28/12/2018 12:55:08.815
Data 28/12/2018 12:55

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 37415,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da apertura dun novo proceso de diálogo co Concello de Narón e coa veciñanza afectada co fin de acordar un novo proxecto para a senda peonil do Val que minimice as afeccións e mellore a seguridade viaria"**, (publicada no BOPG número 365 do 3 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"O 13 de abril de 2018, tras ter consensuado o proxecto co Concello de Narón, asinouse o contrato de obras de construción do 'Itinerario peonil e ciclista na AC-116. Tramo: Río do Pozo – AC-114. P. K. 4+120-6+500', cun prazo de execución de 6 meses. Non obstante, as obras non se puideron iniciar a causa dunha forte oposición por parte dalgúns veciños, a pesar dos reiterados intentos de diálogo por parte da Administración autonómica, que garantiu que se adaptaría o proxecto, en todo o posible, ás súas demandas, e do compromiso do Concello de mediar.

Finalmente, a Administración autonómica acordou desistir desta obra, se ben comunicou ao Concello de Narón o seu compromiso de seguir a traballar na mellora da seguridade viaria no Val, para o que debe presentar un novo proxecto que conte co consenso da veciñanza, sempre que cumpra a condición imprescindible de garantir a seguridade viaria**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: REXISTRO-TJKZkRHba-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 12:55:08
Nº Rexistro: 42258
Data envio: 28/12/2018 12:55:08.815

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/12/2018 12:55:04

CSV: REXISTRO-TJKZkRHba-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/12/2018 12:30:23
Nº Rexistro: 41992
Data envio: 21/12/2018 12:30:23.946
Data 21/12/2018 12:30

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 39496,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o apoio público amosado polo Goberno galego a un proxecto deportivo e comercial de carácter privado nas parroquias de Tameiga e Pereiras, no concello de Mos, a xustificación do interese público do uso de terreos de monte comunal para a súa execución e a relación existente entre ese proxecto e a modificación da Lei do solo inserida no Proxecto de lei de acompañamento dos orzamentos de 2019, así como as previsións da Xunta de Galicia respecto da avaliación do seu impacto no tecido comercial da zona"**, (publicada no BOPG número 380 do 6 de novembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"Esta cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª do pasado 20 de decembro de 2018 pola directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, en resposta á pregunta oral 39497.

Na súa intervención, a directora xeral respondeu ás cuestións plantexadas sobre as actuacións realizadas pola Xunta no relativo á tramitación da modificación puntual do PXOM de Mos.

O enlace ao vídeo da Comisión 2ª celebrada o pasado 20 de decembro de 2018 é o seguinte:

CSV: REXISTRO-1sljd4p5c-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2018-12-20?part=a8ad7af9-abba-4675-8ee0-9abc0222a9e7&start=8910

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: REXISTRO-1sljd4p5c-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/12/2018 12:30:23
Nº Rexistro: 41992
Data envio: 21/12/2018 12:30:23.946

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/12/2018 12:30:05

CSV: REXISTRO-1sljd4p5c-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 12:54:56
Nº Rexistro: 42257
Data envio: 28/12/2018 12:54:56.627
Data 28/12/2018 12:54

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 39562,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego en relación coa toma en consideración das alegacións presentadas pola Asociación Veciñal O Galiñeiro de Vincios respecto do proxecto de mellora da seguridade viaria da estrada PO-331, no treito comprendido entre o punto quilométrico 11.200 e o punto quilométrico 14.600, así como a adopción de medidas para a supresión ou o abaratamento da peaxe da autovía AG-57"**, (publicada no BOPG número 380 do 6 de novembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, mantivo varias reunións cos veciños que presentaron alegacións ao respecto do proxecto de mellora da seguridade viaria na contorna do treito de concentración de accidentes na PO-331, do punto quilométrico 11+200 ao punto quilométrico 14+600.

Froito destas reunións, e das alegacións recibidas, modificouse o proxecto para recoller todas as solicitudes tecnicamente viables de veciños e do Concello no treito da travesía de Vincios. Someteuse o proxecto a unha nova información pública durante o mes de agosto. En concreto, no novo proxecto:

-Ampliouse o radio de xiro da vía de acceso á PO-331, utilizado como acceso ás explotacións forestais.

-Eliminouse o cambio de sentido no punto quilométrico 14+080, e os xiros habilitáronse nunha nova glorieta, no punto quilométrico 13+940.

-Implantáronse novos carrís centrais de espera para habilitar xiros demandados polos veciños.

-Incorporouse regulación semafórica na vía que accedía no punto quilométrico 13+880.

CSV: REXISTRO-WJN9nTnVg-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Deste modo, o proxecto recolle medidas para evitar a tipoloxía de accidentes que se rexistraron nos últimos anos, de acordo cos partes da Garda Civil de Tráfico, e que motivaron que se considere treito de concentración de accidentes. O proxecto inclúe medidas para evitar movementos que provoquen situacións de risco, para protexer aos peóns no cruce da estrada e diminuír a velocidade de paso dos vehículos, como son as glorietas e as intersecciónes e pasos de peóns semaforizados.

A PO-331 é unha travesía e como tal, no proxecto adóptanse medidas de probada eficacia noutras actuacións similares.

En canto á AG-57, cómpre sinalar que é unha autoestrada que, tendo unha das tarifas máis baixas do Estado, conta con descontos para itinerarios recorrentes nun mesmo día e a Xunta está xa a estudar a implantación de novas bonificacións que favorezan o uso da autoestrada en horario nocturno**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: REXISTRO-WJN9nTnVg-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 12:54:56
Nº Rexistro: 42257
Data envio: 28/12/2018 12:54:56.627

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/12/2018 12:54:36

CSV: REXISTRO-WJN9nTnVg-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 12:22:58
Nº Rexistro: 42239
Data envio: 28/12/2018 12:22:58.712
Data 28/12/2018 12:22

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 39876,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **"o nivel de credibilidade da rendición de contas que fai a CRTVG en sede parlamentaria"**, (publicada no BOPG número 384 do 15 de novembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Medios,** que ten o seguinte contido:

"A Corporación Radio e Televisión de Galicia é unha entidade con personalidade xurídica propia, autónoma na súa xestión e independente no seu funcionamento respecto da Xunta de Galicia. Así o establecen a Lei dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia e o Mandato marco, aprobados ambos polo Parlamento galego.

Polo tanto, en cumprimento do establecido legalmente, a Xunta de Galicia non se pronuncia (opina, valora) ao respecto de calquera cuestión ou aspecto relacionados co labor dos seus directivos e profesionais**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: REXISTRO-FRct55T5f-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 12:22:58
Nº Rexistro: 42239
Data envio: 28/12/2018 12:22:58.712

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/12/2018 12:22:36

CSV: REXISTRO-FRct55T5f-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 13:15:56
Nº Rexistro: 42286
Data envio: 28/12/2018 13:15:56.268
Data 28/12/2018 13:15

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 40494,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez, e dona María Luisa Pierres López, sobre **"a opinión do Goberno galego respecto do posible carácter vertebrador como infraestrutura viaria do eixo formado pola estrada AC-533, a ponte de Catoira e a EP-8001, así como a realización dalgunha análise da posibilidade de asumir a súa titularidade"**, (publicada no BOPG número 391 do 29 de novembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"Cómpre indicar que no relativo á ponte de Catoira, na parte expositiva da propia pregunta xa se recoñece que 'a ponte presenta de novo moitos problemas en distintos aspectos, como o asfalto, as xuntas de dilatación ou na iluminación'. Polo tanto, ao respecto das súas condicións actuais, do seu estado actual de conservación, deben responder as administracións titulares da dita infraestrutura, que son as Deputacións Provinciais da Coruña e de Pontevedra, que contan cos medios técnicos e económicos suficientes como para atender a súa obriga de manter a ponte en condicións axeitadas.

Lembrar, ademais, que na Comisión 2ª, de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na súa sesión do 30 de outubro de 2018, aprobouse unha proposición non de lei instando á Xunta a dirixirse á Deputación Provincial da Coruña e á Deputación Provincial de Pontevedra para que, como organismos titulares da ponte de Catoira, acometan as actuacións necesarias para garantir o bo estado da infraestrutura. De conformidade coa petición do Parlamento galego, o director da Axencia Galega de

CSV: REXISTRO-FH0vWuiLz-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Infraestruturas remitiulle escrito no mes de novembro, dando traslado deste acordo parlamentario, aos presidentes de ambos organismos provinciais**.”**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: REXISTRO-FH0vWuiLz-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 13:15:56
Nº Rexistro: 42286
Data envio: 28/12/2018 13:15:56.268

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/12/2018 13:15:50

CSV: REXISTRO-FH0vWuiLz-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/12/2018 12:30:00
Nº Rexistro: 41991
Data envio: 21/12/2018 12:30:00.273
Data 21/12/2018 12:29

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 40737,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o coñecemento polo Goberno galego das verteduras procedentes do polígono industrial do Espírito Santo que se veñen padecendo nos lugares da Gándara e San Marcos, da parroquia de Nós, no concello de Oleiros, as análises realizadas por Augas de Galicia en relación coas rexistradas en abril de 2018, así como as medidas e protocolos que se van seguir para detectar a súa presenza tralo aumento da capacidade dos colectores e solucionar o problema"**, (publicada no BOPG número 391 do 29 de novembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"Segundo o recollido no artigo 81 da Lei 5/1997, reguladora da Administración Local de Galicia, o servizo de sumidoiros (instalacións de saneamento en baixa), é un servizo mínimo de competencia municipal e polo tanto, un servizo sobre o que os concellos teñen competencia exclusiva, o que supón que é competencia municipal a súa regulamentación e xestión. No mesmo sentido, segundo o artigo 27.1 da Lei 9/2010 do 4 de novembro, de Augas de Galicia, é competencia das entidades locais a rede de sumidoiros e o tratamento das augas residuais.

Desde Augas de Galicia, dentro das súas atribucións, estase a prestar apoio aos concellos nesta materia de competencia municipal e tamén se traballa coa finalidade de corrixir as situacións, mediante a realización de inspeccións dos vertidos que acaecen, que dan lugar á apertura dos oportunos expedientes e á realización das actuacións precisas para investigar os feitos e para a adopción das medidas necesarias para o cese e emenda dos vertidos e, de ser o caso, para a sanción dos feitos.

Respecto ao caso concreto que se menciona na iniciativa, en Augas de Galicia recibíronse un total de 10 alertas por vertidos de augas residuais nas zonas de Gándara e San Marcos desde o ano 2010, efectuándose ata o momento actual un total de 12 inspeccións por este motivo.

CSV: REXISTRO-sgCLCzExE-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cómpre indicar tamén que desde novembro de 2016 non se recibiron alertas por esta problemática.

Desde Augas de Galicia, a través do Plan de Control de Vertidos, efectuáronse 10 tomas de mostra incluíndo aos aportes desde varias empresas do polígono industrial. Os resultados analíticos notificáronse ao Concello de Cambre como titular dos colectores no Polígono Industrial Espíritu Santo.

Indicar, ademais, que en data 19 de abril de 2018 recibiuse unha solicitude remitida polo Concello de Cambre para prestar soporte técnico na realización de mostraxes en varias acometidas das empresas do Polígono Industrial Espíritu Santo ao colector indicado. O plan de Control de vertidos efectuou tres tomas de mostra, en data 24 de abril de 2018, xunto aos técnicos municipais, remitindo posteriormente os datos analíticos a este Concello como titular da rede.

O Concello de Cambre dispón dunha ordenanza municipal que regula os vertidos á rede no Polígono Industrial, e debe levar a cabo as actuacións oportunas para corrixir estas deficiencias.

Neste sentido, tense constancia dunha actuación en licitación, a acometer polo Concello de Oleiros, para reforma do colector en Gándara e emenda das deficiencias causantes dos vertidos**.”**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: REXISTRO-sgCLCzExE-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/12/2018 12:30:00
Nº Rexistro: 41991
Data envio: 21/12/2018 12:30:00.273

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/12/2018 12:29:56

CSV: REXISTRO-sgCLCzExE-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/12/2018 12:29:51
Nº Rexistro: 41990
Data envio: 21/12/2018 12:29:51.195
Data 21/12/2018 12:29

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 40887,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a opinión do Goberno galego referida á eficacia da súa política en materia de depuración e saneamento, a contía que debe pagar polo incumprimento da normativa comunitaria de tratamento de residuos líquidos en Santiago de Compostela, Vigo e Ribeira e a situación na que se atopa o procedemento aberto pola Unión Europea contra España por infraccións no eixo Pontevedra-Marín-Poio-Bueu, así como as medidas que vai adoptar ao respecto"**, (publicada no BOPG número 394 do 5 de decembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"Para o Goberno galego é absolutamente prioritaria a mellora e conservación da calidade das masas de auga da Comunidade. É un dos compromisos máis firmes, no que se vén traballando nos últimos anos e co que se está contribuíndo de xeito eficaz a acadar ese saneamento. A Xunta traballa para acadar os obxectivos fixados cunha programación de actuacións dotada orzamentariamente. Ten elaborado plans de saneamento locais (plans especiais), ten construído infraestruturas necesarias (investimentos), e realiza un seguimento e control continuo da calidade das augas.

A actual folla de ruta da Xunta vén marcada polo Plan Hidrolóxico Galicia-Costa (2015-2021), que recolle 150 medidas. Este documento permite ter un horizonte temporal posible e real e programar as actuacións necesarias.

Cómpre salientar que para dar cumprimento á Directiva 91/271/CEE, do 21 de maio, de augas residuais urbanas, por parte de Augas de Galicia vense traballando de maneira constante e cun compromiso claro de consecución deste obxectivo. Augas de Galicia, no marco das súas competencias, está a realizar todas as actuacións para adecuarse, canto antes, ao cumprimento das directivas europeas.

CSV: REXISTRO-XIUwUWf7w-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

No caso concreto da ría de Pontevedra, o Goberno galego redactou o plan de saneamento local da ría, realizándose traballos de inventariado das redes de saneamento, de medicións de caudal circulante polas redes e de calidade, de realización de batimetrías e de realización dun modelo dixital calibrado das redes de saneamento e do modelo calibrado da ría de Pontevedra. Estes traballos teñen permitido a definición de propostas de actuación e o establecemento dunha priorización das mesmas.

No curto prazo, a Xunta aposta pola mellora da actual estación depuradora de augas residuais e pola construción dun novo emisario. As obras de construción deste novo emisario e as da mellora da depuradora actual serán licitadas a comezos do vindeiro ano, prevéndose ao seu termo unha mellora substancial da calidade da auga depurada da EDAR.

A Xunta vén amosando o seu compromiso co saneamento da ría, axudando nunha materia que é de competencia municipal, no que ten investido máis de 40 millóns de euros e está en disposición de investir outros 70 millóns.

O traballo que está a liderar a Xunta na depuradora dos Praceres persegue un obxectivo a compartir polos concellos, como organismos competentes en saneamento e depuración. Neste sentido, faise necesario a implicación dos concellos no saneamento da ría, comezando pola reparación das deficiencias existentes na súa rede de colectores, para o que xa recadan a taxa de alcantarillado, que é finalista.

Desde o Goberno galego seguirase traballando pola mellora do saneamento da ría de Pontevedra buscando a mellor solución desde un punto de vista técnico, económico, social e ambiental, intentando minimizar os impactos ambientais e sociais e traballando en prol do crecemento da ría e dos seus fundamentais sectores produtivos (actividade marisqueira, turismo...) porque, a día de hoxe, non actuar na depuradora dos Praceres supón un risco real para estes sectores.

No relativo ao saneamento de Santiago de Compostela, cómpre lembrar que este está declarado de interese xeral do Estado desde o ano 2001, e tamén as estacións depuradoras de augas residuais de Ribeira e de Vigo foron executadas pola Administración Xeral do Estado.

